



EMENDA Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “RELATIVA AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA VARIANTE DE ARADAS”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE SUBSTITUCIÓN Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “RELATIVA AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA VARIANTE DE ARADAS”**, de data 6 de febreiro de 2017.

Propónse a substitución do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

ACORDO

O Pleno Municipal, de acordo coa demanda da veciñanza do ámbito de actuación da Variante de Aradas, insta ao correspondente órgano do Concello a:

- 1. Redactar o proxecto de mellora da rede de abastecemento para a zona noroeste do núcleo urbano aproveitando o trazado da Variante de Aradas, obra en proceso de licitación pola Xunta de Galicia que ten data límite para a presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2017.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia, coa máxima urxencia, para que na execución do proxecto da Variante de Aradas se garanta a previsión necesaria para incluír a rede de abastecemento pola marxe desta nova vía e a que colabore economicamente na execución desta mellora de abastecemento.*

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular